



## CAMPO DE TRABALLO HORTA DO MUÍÑO (SERRA DE OUTES - OUTES - A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
17-28/07/2015	18-30	Internacional	Medioambiental e etnográfico	20

### LOCALIZACIÓN

O Concello de Outes forma parte da comarca de Noia, que está integrada ademais polos concellos de Noia, Lousame e Porto do Son. Esta comarca atópase na costa oriental da provincia da Coruña. Poucos municipios gozan do privilexio de atoparse nun marco xeográfico que ofrezca tan rica variedade de formas e contornos, matices paisaxísticos e contrastes.

As súas fronteiras están determinadas pola desembocadura do río Tambre ao sur, e os concellos de Muros, Mazaricos, Negreira e Noia.


O seu termo ocupa 100 quilómetros cadrados. A capital municipal está na Serra de Outes e dista 7 quilómetros de Noia, 15 da Picota (Mazaricos), 25 de Muros, 40 de Santiago de Compostela e 105 da Coruña.

O LIC (Lugar de Interese Comunitario) do Estuario do Tambre esténdese dende o encoro Barrié de La Maza ata a Punta Cambrona, no Freixo (Outes), na banda dereita da súa desembocadura, e Punta Cabalo en Boa Grande (Porto do Son) no lado oposto. Está, pois, na parte máis interna da Ría Noia- Muros. Abrangue tamén os estuarios e desembocaduras dos ríos Traba e San Francisco en Noia e o estuario do Tins en Outes, onde a miúdo se pode ver unha gran variedade de aves que repousan e se alimentan no humidal que forma o espazo intermareal. A maior parte do LIC ocúpalo hábitats mariños e marítimo - terrestres de 1.062 hectáreas con fondos de menos de 10 metros, e unha quinta parte abarca o curso baixo do Tambre, libre da influencia das mareas, ao longo de 6 quilómetros. Este curso comeza cerca da central hidroeléctrica do Tambre e remata no encoro.

### DESCRIPCIÓN DO CAMPO DE TRABALLO

O Campo de Traballo Horta do Muíño tratará de revitalizar o turismo da zona a través da rehabilitación dunha construción típica galega, o muíño, e da reactivación do sendeirismo cos traballos de limpeza e dinamización dunha ruta de sendeirismo.

- Restauración dun elemento de arquitectura



- popular galega: o muíño
- Visualización das tradicións galegas, cara ao resto do mundo a través do campo de traballo internacional e da creación dun blog cos pasos precisos da recuperación
- Recuperación da moenda no muíño
- Recuperación dunha ruta en Albán -Tremuzo: sinalización, limpeza de vexetación, dinamización da ruta, fomento do turismo da zona ...

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- As actividades complementarias faranse en colaboración coa mocidade da zona que interactuará, deste xeito, cos participantes.
- Paseos pola poboación de Outes e achegamento á súa historia, cultura e festas
- Xornadas na praia
- Actividades náuticas na praia: kaiak, paddleboard, snorkel con seado-scooter, bodyboard...
- Xeoaching
- Visitas a Santiago de Compostela
- Rutas pola Devesa de Nimo

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo de traballo.

### COMO CHEGAR

**Por avión:** ([www.aena.es](http://www.aena.es)). Tfno.: 902 404 704  
 Aeroporto de Lavacolla en Santiago de Compostela. Tfno.: 981 547 501



## CAMPO DE TRABALLO HORTA DO MUÍÑO (SERRA DE OUTES - OUTES - A CORUÑA)

Aeroporto de Alvedro (A Coruña). Tfno.: 981 187 200  
Aeroporto de Peinador (Vigo). Tfno.: 986 268 200

### **Por estrada:**

-Liña Lugo -Santiago. Empresa FREIRE  
([www.empresafreire.com](http://www.empresafreire.com)). Tfno.: 982 220 300

-Liña A Coruña -Santiago -Pontevedra -Vigo. Empresa  
MONBUS ([www.monbus.es](http://www.monbus.es)). Tfno.: 902 292 900

### **Estacións de autobuses:**

A Coruña. Tfno.: 981 184 335

Lugo. Tfno.: 982 223 985

Santiago de Compostela. Tfno.: 981 542 416

Vigo. Tfno.: 986 373 411 ([www.vigobus.com](http://www.vigobus.com))

Ourense. Tfno.: 988 216 027

Ferrol. Tfno.: 981 324 751

En bus dende Santiago de Compostela:

-Liña Santiago de Compostela -Muros

Empresa MONBUS ([www.monbus.es](http://www.monbus.es)). Tfno.: 902 292 900

Duración do traxecto: Santiago -Serra de Outes: 1 hora e  
15 minutos

### **Por tren:**

RENFE ([www.renfe.es](http://www.renfe.es)). Tfno.: 902 240 202

FEVE ([www.feve.es](http://www.feve.es)). Tfno.: 981 370 401

### **ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN**

Os/As voluntarios/as aloxaranse nas instalacións do centro de ensino das que dispón o propio concello, dende onde serán trasladados (ida e volta) diariamente ata o lugar da actividade.

En canto á manutención, farán o almorzo, o xantar e a cea nas mesmas instalacións: é un campo de traballo vivencial polo que se contempla que os traballos sexan compartidos nun retén.

Ademais, o concello cederalle ao Campo de Traballo unha instalación na Casa da Cultura que servirá como centro operativo do Campo de Traballo.

### **INCORPORACIÓN**

O primeiro día ás 16:00 h na Casa da Cultura de Outes (avda. de San Campio, núm. 1, 15230 Serra de Outes).

A Casa da Cultura atópase a 50 m da parada de autobús.

### **COTA**

NOVENTA (90 €) euros

### **DEVOLUCIÓN DA COTA**

Soamente se devolverá a cota no caso de **suspensión da actividade**.

### **EQUIPO ACONSELLABLE**

Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha  
Saco de durmir, esteira e mochila para rutas e saídas  
Calzado axeitado para montaña e calzado deportivo  
Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas, gorro de baño...), de abrigo (roupa adecuada para poder realizar o traballo no caso de chuvia ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...), Lanterna  
Ordenador portátil persoal, quen o poida traer.

### **Medicamentos en caso de tratamento.**

### **DOCUMENTACIÓN**

Todas as persoas participantes deberán levar o seu DNI e a tarxeta sanitaria.

### **SEGURO**

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

### **CONTACTOS**

Casa da Cultura de Outes: 981 850 950 / 981 842 406 (preguntar por Santi)

Teléfono: Coordinadora de Campaña - Iria - Tfno.: 982 804 149

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Tfno.: 981 544 838 e 981 957 115

[camposdetraballo.xuventude@xunta.es](mailto:camposdetraballo.xuventude@xunta.es)

Servizo de Xuventude na Coruña. Tfno.: 881 881 238

[www.facebook.com/xuventude.net](http://www.facebook.com/xuventude.net)

### **INFORMACIÓN ADICIONAL**

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net). Portal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de traballo, lecer e tempo libre, actividades, formación ...

[www.santiagoturismo.com](http://www.santiagoturismo.com). Información sobre a cidade de Santiago de Compostela, transportes, accesos ...

[www.coruna.es](http://www.coruna.es). Información sobre a cidade da Coruña, transportes, accesos ...

[www.outes.es](http://www.outes.es). Información sobre o concello de Outes, situación, turismo, transportes, accesos ...

[www.xacobeo.es](http://www.xacobeo.es). Páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos.

[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es). Portal de información turística de Galicia.



## CAMPO DE TRABALLO HORTA DO MUÍÑO (SERRA DE OUTES - OUTES - A CORUÑA)

[www.alsa.es](http://www.alsa.es). [www.avanzabus.com](http://www.avanzabus.com). Páxinas con información sobre transporte dende outras comunidades autónomas.